



# O SECUESTRO

Era un día normal IES de Melide, todo o mundo subía, baixaba, entraba e saía. As supernenas coma tódolos días ían ó instituto. De súpeto chegou un profesor e presentoulles a un ser extraño, para ser exacto non parecía de este planeta. O profesor confirmoulles que era un marciano.

O marciano era pequerrecho. A súa cor era verde. No pulso tiña un reloxo co que empezou a disparar a todo o mundo. Non tiña vestimenta agás uns zapatos que eran moi grandes. Todo o mundo miraba as súas antenas, el explicou que eran para comunicarse co seu planeta. O seu idioma era diferente a calquera outro coñecido. Cando os rapaces preguntaron como se comunicarían con el, o profesor respondeu que el era moi intelixente e aprendería pronto a falar galego.

Nos seguintes días á súa chegada ninguén falaba doutra cousa e todo o mundo se preguntaba o mesmo. Como viría? Cando? Por que?... e tantas outras preguntas sen resposta.

O marciano chamábase Diero. Pronto as supernenas déronse conta de que viña en son de paz. Tamén aprendeu rápido a falar galego. Pero a súa ollada estaba moitas veces triste e o seu pensamento parecía que estaba noutro sitio. As supernenas pensaban que era porque botaba de menos o seu planeta. Por iso convencérono de que as levará consigo ao seu planeta e así el tamén iría. Dirixíronse

ao seu planeta nunha nave. A nave era arredondada e con moitas luces e ventás.

Cando chegaron alí víase a simple vista moita miseria.

Apenas comían nada, as casas (que eran naves) estaban caendo. Todos os marcianos estaban en silencio e tiñan unha ollada moi triste. A pesar da miseria, os marcianos trataron moi ben as rapazas

Cando volveron a Terra as supernenas atopábanse tristes pola situación que se estaba a vivir no planeta. Non lle dixeron nada ao marciano porque non querían que parecera que lles daba pena pero querían facer algo para solucionalo.

Pasaron os días e non se lles ocorría nada. Un día Diero non veu a clase, todo o mundo estaba sorprendido xa que el viña tódolos días. Pola tarde unha das supernenas recibiu unha chamada. O número estaba oculto pero ela contestou igual. Respondeu unha voz distorsionada que só dixo:

- Quero 600.000 mil euros en 24 horas ou non volvedes a ver a Diero. Quedaremos despois dese tempo no instituto

- Despois de isto ningunha dixo nada durante uns segundos. Despois deste tempo reaccionaron e unha dixo

- Hai que conseguir o diñeiro - E como?



- Temos que chamar a Ronaldinho
- Pero que dis?
- Acórdaste de cando lle salvamos a vida naquela viaxe a Barcelona, díxonos que lle podíamos pedir calquera cousa cando fora
- Si calquera cousa, pero non 600.000 mil euros
- Ben, pois encontra ti outra solución pois a única que vexo e esa ou atracar un banco
- Ben, está ben pedímosllos a Ronaldinho, pero como imos ata Barcelona sen que nosos pais se decaten.?
- Temos que escapar hoxe pola noite e coller o primeiro avión ata Barcelona.
- Ti toleaches, definitivamente.
- Ben pois vale, non veñas.
- Por suposto que non

As dúas supernenas estaban dispostas a escaparse pero outra non. Por iso aquela noite só apareceron dúas no aeroporto. Pero de súpeto apareceu a outra dicindo

- Non vos ía deixar soas nesta